



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## **CONVENIO DO CONCELLO DA CORUÑA E UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha especial énfase na realización por parte dos estudantes universitarios de prácticas externas en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo,

### **COMPARECEN**

Por unha banda, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG nº 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Por outra banda, D<sup>a</sup>. Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 124 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ambas as entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

## **ACORDAN**

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas curriculares e extracurriculares, ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018 e o 4 de xuño de 2019, de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes das titulacións impartidas na Universidade da Coruña, (en adiante UDC) para a realización de prácticas curriculares con valor académico dentro dos Planos de estudos correspondentes así como prácticas extracurriculares, no marco dos programas de cooperación educativa promovidos polo Concello da Coruña, en adiante a Entidade.

De este xeito trátase de facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado, en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade da Coruña.

As prácticas extracurriculares son aquelas que, tendo un fin similar ao das prácticas curriculares, non forman parte do plan de estudos correspondente, e que os estudantes poden levar a cabo con carácter voluntario durante o seu período de formación.

### **SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos**

Poderán ser beneficiarios deste convenio os seguintes tipos de alumnado:

- a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.

- b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadías de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

O alumnado beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Nas prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.
- b) Canto ás prácticas extracurriculares, o alumnado deberá cumprir estas condicións:
- Estar matriculado na ensinanza á cal se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquirirán.
  - Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica. No caso de alumnado de mestrado a porcentaxe anterior será do 25%. No caso doutros programas formativos o/a alumno/a terá que estar matriculado/a no programa de que se trate.
  - Non superar a duración en horas establecida no art. 14 do Regulamento de prácticas curriculares e extracurriculares da UDC no mesmo ano académico. De existiren vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderá participar o alumnado que superase estas horas.
  - Estar matriculado de forma oficial (matrícula ordinaria) segundo o procedemento establecido pola UDC.

Non poderá ser beneficiario destas prácticas o alumnado que manteña algunha relación contractual coa Entidade, agás no caso das prácticas curriculares sempre e cando se conte coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, logo do informe da Comisión de Prácticas da UDC.

### **TERCEIRA. Duración**

1. Curriculares.· A duración das prácticas académicas externas curriculares será a que establecer o plan de estudos oportuno, dentro do marco previsto polo art. 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro), ou norma xeral posterior que o substitúa. As prácticas levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.

2. Prácticas extracurriculares: durante o período lectivo as prácticas extracurriculares non excederán as 750 horas, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, atendendo ao disposto no art. 14 do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.
3. Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Entidade. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.
4. Excepcionalmente, nos casos en que o alumnado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titora académica.

#### **CUARTA. Proceso selectivo**

Para o caso de prácticas extracurriculares o centro correspondente, após a difusión pública do programa destas, fará unha selección previa dos estudantes candidatos. Así mesmo comunicaralles aos estudantes preseleccionados o lugar e a data en que deberán presentarse na Entidade para que esta realice, de ser oportuno, a selección definitiva en función da adecuación dos candidatos ás tarefas requiridas durante as prácticas extracurriculares.

#### **QUINTA. Obrigas e dereitos do alumnado**

Durante a realización das prácticas, o/a estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que a Entidade lle encomendar dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade (mesmo unha vez finalizado o período de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Ao alumnado garantiránselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) A tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice esta.

- b) A avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) A obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, lago da comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j) Desfrutaren dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o alumnado terá que elaborar unha memoria final de que entregará á persoa titora do seu centro. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais do ou a estudante.
- b) Entidade colaboradora en que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Entidade a que foi asignado/a. Considerando os principios de confidencialidade que acordados previamente
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.

## **SEXTA. Dereitos e deberes da Entidade**

A Entidade comprométese, coxuntamente coa UDC a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos do alumnado relativos á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán o alumnado en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Entidade expedirá ao estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar, entre outros, estes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou a estudante
- b) Capacidade de aprendizaxe
- c) Administración e organización dos traballos
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita
- e) No caso daquel alumnado estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.
- f) Sentido da responsabilidade
- g) Facilitade de adaptación
- h) Creatividade e iniciativa
- i) Implicación persoal
- j) Motivación
- k) Receptividade ás críticas
- l) Puntualidade
- m) Relacións co seu contorno laboral
- n) Capacidade de traballo en equipo
- o) Aqueles outros aspectos que se consideraren oportunos.
- p) No caso das prácticas curriculares, valoraranse ademais as competencias previstas no proxecto formativo.

## **SÉTIMA. Relación entre a Entidade e o alumnado en prácticas**

O alumnado non terá en ningún caso vinculación laboral coa Entidade, non podendo establecerse entre éste e aquela ningunha relación contractual, nin sequera baixo a modalidade de contrato en prácticas ou para a formación previstos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de prácticas quedan excluídos da lexislación laboral.

De todos modos poderase prever unha contribución en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Nestes casos, a Entidade deberá dar de alta e cotizar polo estudante á Seguridade Social nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE nº 259, do 27 de outubro), polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación,, e demais normativa de desenvolvemento, sen prexuízo que poidan ser asumidas pola FUAC (Fundación Universidade da Coruña), medio propio e servizo técnico da UDC, ou outras entidades que teñen tal condición.

A Entidade poderá interromper as prácticas cando considere que o alumnado vulnerou gravemente as súas abrigas, o que lle comunicará á persoa que fose designada como titora por parte do centro da UDC

Se o alumnado se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo primeiro desta cláusula, aos efectos do disposto na alínea 3, letra b, da Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Lei 28/2018, de 28 de decembro, a Entidade non asumirá en ningún caso a cotización á Seguridade Social do alumnado en prácticas que acolla en virtude do presente convenio.

## **OITAVA. Titoría**

O alumnado en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha titoría académica e outra profesional.

A persoa que exerza como titora académica será designada polo centro da UDC en que curse os seus estudos entre o seu profesorado, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada pola Entidade.

As persoas titoras supervisarán as funcións levadas a cabo polo alumnado durante as súas prácticas, asistirános no que for necesario e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

As persoas titoras académicas e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación. Igualmente, deberán cumprir as obrigas previstas nos capítulos IV e V do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC.

As persoas titoras académicas e profesionais terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

As persoas titoras profesionais deberán cumprir as abrigas seguintes:

- a) Acoller ao alumnado e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao alumnado da organización e o funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar coa persoa titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes que corresponda.



- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
- i) Facilitarlle á persoa titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
- k) Prestar axuda e asistencia ao alumnado, durante a súa estada na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

A persoa titora académica terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas a brigas académicas, formativas e de representación e participación do alumnado.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso coa persoa titora da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do alumnado tutelado, á vista da memoria final presentada polo alumnado e o informe da persoa titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.

## **NOVENA. Seguro escolar**

O alumnado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Aquel maior de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do alumnado. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para o alumnado.

No caso de prácticas no estranxeiro é imprescindible asinar unha póliza de seguro para o período de prácticas que cubra, como mínimo, os riscos sanitarios e de accidentes que inclúa a repatriación. Os gastos da dita póliza correrán a cargo do alumnado. A responsabilidade civil de danos a terceiros que

eventualmente puiden ocasionarse quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para estes efectos.

## **DÉCIMA. Procedemento de concreción de prazas**

Antes do 15 de maio de cada ano, a UDC enviará ao Concello una listaxe coa seguinte información:

- Todas as titulacións oficias de Grao e Mestrado Universitario que dispoñen de prácticas para o curso entrante.

Incluíndo en cada una delas:

- a) O tempo mínimo e máximo esixido de prácticas curriculares.
- b) O número de horas por día (mínimo e máximo) que terían que realizar o alumnado.
- c) O número de persoas máximo por titulación que optaría ás prácticas.
- d) O prazo temporal no que se desenvolverían as prácticas.

O Concello, una vez recibida a información, comprométese a analizala e responder á UDC antes de 30 de setembro de cada ano, especificando o seguinte:

- a) En qué titulacións pode asumir prácticas neste curso.
- b) O número máximo do alumnado que se compromete a elixir en cada titulación, e o servizo municipal onde se realizarán as prácticas.
- c) A duración que terán as prácticas de cada titulación.
- d) O prazo temporal das mesmas.
- e) Se o horario é de mañá / tarde ou mixto.

## **DÉCIMO PRIMEIRA. Remisión aos anexos**

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo co modelo adxunto no Anexo I

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do alumnado; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome das persoas titoras académicas e profesionais ;as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o alumnado; a posible bolsa ou axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao alumnado.

As prácticas curriculares terán a validez académica que se lles outorgar no plan de estudos correspondente, no marco do Prácticum, e incorporaranse ao Suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación. Cada anexo recollerá as materias, o número de horas e os créditos asignados.

O recoñecemento académico das prácticas externas extracurriculares realizarase de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola Universidade da Coruña, e incorporaranse ao Suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

Os anexos serán asinados polo alumnado, unha persoa representante da Entidade e outra representante do centro en que se impartan os seus estudos ou da titulación que curse.

En caso de incumprimento, a Entidade poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

## **DÉCIMO SEGUNDA. Resolución de conflitos**

As cuestións litixiosas que xurdan no tocante á interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias resolveranse mediante arbitraje nos termos previstos na Lei 6012003, do 23 de decembro, de arbitraje (BOE nº 309, do 26 de decembro).

O marco legal que regula as prácticas externas está definido no que dispón o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro; o Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC; o disposto no plan de estudos de cada titulación e a normativa propia de cada centro; a regulación específica daquelas prácticas a que afecten programas de ámbito autonómico ou estatal de fomento das prácticas académicas externas no Sistema Universitario Galego ou nun ámbito competencial superior (sen prexuízo da aplicación da normativa da UDC); as normas establecidas nos programas e convenios que amparen as prácticas internacionais, e as contidas nos regulamentos internos sobre mobilidade internacional.

## **DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia**

Este convenio, que deixa sen efectos os convenios anteriores subscritos no marco dos programas de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas, entrará en vigor no momento da firma e a duración será de catro anos.

As partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais ou a súa extinción en calquera momento antes do seu termo.

Así mesmo, calquera das partes poderá denunciar este convenio, o que deberá comunicar á outra parte por escrito con tres meses de antelación á data en que se desexe dalo por rematado. A denuncia do convenio non afectará ás prácticas que se estean a realizar no momento de efectualas.

#### **DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS**

A sinatura dun convenio de cooperación educativa de prácticas externas e os seus anexos implica a aceptación do contido do aquí recollido e a autorización para o tratamento dos datos persoais do alumnado coa finalidade exclusiva de xestionar as prácticas e o seguimento da súa inserción laboral.

A UDC e as entidades que traten os datos persoais con esta finalidade gardarán o deber de confidencialidade sinalado no art. 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Igualmente, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos por esta lei ás persoas interesadas. O tratamento para calquera outro fin requirirá o consentimento expreso das persoas titulares, nos termos da normativa de protección de datos persoais.

#### **DÉCIMO QUINTA. Comisión mixta paritaria**

Constitúese unha comisión mixta paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola persoa que exerce o cargo de vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes da UDC ou a persoa en quen delegue e pola persoa designada pola entidade colaboradora ou a persoa en quen delegue.

A dita comisión encargarse da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación

En proba de conformidade, asíñase este convenio Para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir:

A Coruña, 19 de novembro de 2020.

Pola Universidade da Coruña

Polo Concello da Coruña

36013481N  
JULIO  
ERNESTO  
ABALDE (R:  
Q6550005J)

Firmado  
digitalmente por  
36013481N JULIO  
ERNESTO ABALDE (R:  
Q6550005J)  
Fecha: 2020.11.30  
11:05:21 +01'00'

Julio E. Abalde Alonso

Inés Rey García

Reitor da UDC

Alcaldesa